

Funcións da linguaxe

1. Funcións da linguaxe

O/a emisor/a transmite a súa intención comunicativa a través das **funcións da linguaxe**, que permiten enfatizar un ou varios elementos do proceso comunicativo (mensaxe, canle etc.).

Podemos distinguir **seis funcións da linguaxe**, que adoitan aparecer combinadas no discurso, pois normalmente unha mensaxe encerra máis de unha intención comunicativa.

1.1. Función representativa

Por medio da **función representativa**, informativa ou referencial, o/a emisor/a pon de relevo o contexto, pois o que lle interesa é transmitir información obxectiva a respecto do mundo extralingüístico.

Os enunciados en que subxace esta función acostuman presentar unha linguaxe clara, sinxela e concreta e unha entoación neutra.

O telexornal abriu coa noticia do accidente.

As plantas realizan a fotosíntese.

1.2. Función expresiva

Coa **función expresiva** ou emotiva destácase a figura do/da emisor/a, que mostra a súa opinión ou a súa actitude perante unha determinada realidade, poñendo de manifesto a súa subxectividade.

Nos enunciados en que predomina esta función é frecuente a entoación exclamativa, os pronomes e as formas verbais de 1.^a persoa, as interxeccións, as expresións como *meu deus*, *miña nai*...

Esta función aparece habitualmente na conversa espontánea, na correspondencia persoal, na literatura, nos artigos xornalísticos de opinión etc.

E a última vez que cho digo!

Meu deus, como me amarga ter que saír agora!

1.3. Función apelativa

A **función apelativa** ou conativa está centrada no/ na destinatario/a, de quen o/a emisor quere conseguir algo (aconsellalo/a, influír sobre el/ela etc.).

Esta función, moi recorrente na linguaxe publicitaria, evidénciase por medio dos pronomes e das formas verbais de 2.^a persoa, do imperativo, do vocativo e das expresións exhortativas e de cortesía. *Mariña, obedece o teu avó!*

Por favor, escóitame un momentinho...

1.4. Función fática

A **función fática** ou de contacto fai fincapé na canle, xa que lle serve ao/á emisor/a para iniciar, manter, comprobar ou interromper a interacción co/coa destinatario/a.

Son característicos desta función os enunciados breves e repetitivos e as expresións pobres de contido (*non?*, *claro*, *xa*, *eh*, *hum* etc.).

Si? Diga? Escoita?

Mmm... De acordo, está ben!

1.5. Función metalingüística

A **función metalingüística** está presente nas mensaxes que teñen como finalidade reflexionar sobre o código lingüístico; predomina na escrita das gramáticas, dos dicionarios e dos ensaios lingüísticos.

Un recurso que revela a presenza desta función é o uso de termos sen ambigüidades.

Axiña é un adverbio de modo.

Despois de punto escríbese maiúscula.

1.6. Función poética

A **función poética** ou estética prevalece nos enunciados cuxo principal obxectivo é empregar a linguaxe dunha maneira artística; o/a emisor/a quere que o/a destinatario/a centre a súa atención na beleza e na orixinalidade da mensaxe.

Esta función predomina nos textos literarios e publicitarios e nas cancións, que se caracterizan polo uso creativo da linguaxe, pola utilización de recursos estilísticos, xogos de palabras, expresións con sentido figurado...